



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CINCO DE MAIO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a cinco de maio de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 31/03/2017, 19/04/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 31/03/2017, e á acta da sesión extraordinaria de data 19/04/2017, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que na sesión ordinaria, de data 31 de marzo de 2017, observa os erros seguintes.

Folla 14

Onde di

.../...

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que o 061 está a funcionar ben. Van a apoiar a moción para mellorar a atención. Os veciños que asinaron as queixas non as asinaron en balde.

.../...

Debe dicir

.../...

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que o 061 está a funcionar ben. Van a apoiar a moción para mellorar a atención. Os veciños que asinaron as queixas non as asinaron en balde.

.../...

A acta da sesión ordinaria, de data 31 de marzo de 2017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coa corrección sinalada pola Sra. Marín Pereiro.

A acta da sesión extraordinaria, de data 19 de abril de 2017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor, coa abstención da Sra. Martínez Candal, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

PUNTO SEGUNDO: TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA.

Dada conta polo Sr. Alcalde da remisión pola Xunta Electoral Central da credencial expresiva da designación como concelleiro do Concello de Ordes de D. Alejandro Manteiga García, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo PSdeG-PSOE nas eleccións locais de 25 de maio de 2015, en substitución por renuncia de D^a. Verónica Gómez Fuentes.

Seguidamente o Sr. Manteiga García, a efectos de tomar posesión dos seu cargo de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril (en relación co art. 108.8 da LOREG), procede a prestar promesa de cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Ordes con lealdade ao Rei, e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, facéndoo ante todo os presentes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén o Sr. Alcalde, que lle da a noraboa e lle desexa moito traballo e éxitos polo ben dos veciños de Ordes. É o que espera que faga como concelleiro do PSdeG-PSOE en Ordes.

PUNTO TERCEIRO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

Escritos de contestación de Unión Fenosa, recibidos o 5 e 7 de abril de 2017, que procede a ler e que se transcriben a continuación:

“En contestación a su escrito de fecha 03/02/17, les adjuntamos los parámetros de calidad de varias calles de Ordes, para ellos se tomarán como referencia un suministro de cada una de las zonas.

Rúa Piñeiro, CUPS: ES0022000004144311NC1P, alimentado en baja tensión desde el CT GENERAL MOLA con matrícula 15C303 alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 5

Duración de interrupciones abonables: 2,64 horas

Rúa Alfonso Senra, CUPS: ES0022000004143644YC1P, alimentado en baja tensión desde el CT CASABELLA Nº6 can matrícula 15CTM8, alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 6

Duración de interrupciones abonables: 3,22 horas

Rúa República Argentina, CUPS: ES0022000009049594FR1P, alimentado en baja tensión desde el CT REPÚBLICA ARGENTINA con matrícula 15CKFG, alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 5

Duración de interrupciones abonables; 3,72 horas

Rúa Recreo, CUPS: ES0022000004143259JA1P, alimentado en baja tensión desde el CT VICTOR FAYA con matrícula 15CBDK, alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 5



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Duración de interrupciones abonables: 3,81 horas

Rúa Canteira, CUPS: ES0022000007000210MD1P, alimentado en baja tensión desde el CT RÚA CANTEIRA con matrícula 15SFZ0, alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 4

Duración de interrupciones abonables: 2,36 horas

De acuerdo con el R.D, 1955/2000, los suministros ubicados en Ordes corresponden al tipo de segmentación semiurbano, de modo que según R.D. 1634/2006, los límites máximos para los parámetros de calidad individual con este tipo de segmentación y tensión de alimentación en baja tensión son los siguientes:

Nº Interrupciones abonables: 13

Duración de interrupciones abonables: 9 horas

Como se puede comprobar con los datos anteriormente aportados, por parte de esta Sociedad se ha dado cumplimiento a los parámetros de calidad individual de las distintas zonas de Ordes el pasado año.

Respecto a las distintas incidencias sufridas a principios del mes de enero de este año, estas se produjeron como consecuencia de un fallo en las instalaciones del CT EDAR (15PKU5) de propiedad particular, por lo que no puede repercutirse a un fallo en las instalaciones de UNIÓN FENOSA Distribución.

En todo caso, queremos aprovechar el presente escrito para pedir disculpas por todos los trastornos ocasionados como consecuencia de las incidencias sufridas e informarle que UNIÓN FENOSA Distribución dentro de su proceso de mejora continua, realiza seguimiento a este tipo de incidencias, adoptando las medidas oportunas para mejorar calidad de servicio prestado a todos los suministros conectados a nuestra red”.

“En contestación a su escrito de fecha 16/02/17, en primer lugar esta Sociedad quiere pedir disculpas a todos los vecinos de Ordes así como a los distintos Sectores Económicos que desarrollan su actividad en la zona, por los trastornos ocasionados como consecuencia de las incidencias del pasado año.

A continuación les adjuntamos los parámetros de calidad de varias zonas de Ordes, para ello se tomarán como referencia un suministro de cada una de ellas.

Rúa Piñeiro, CUPS: ES0022000004144311NC1P, alimentado en baja tensión desde el CT GENERAL MOLA con matrícula 15C303 alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Nº interrupciones abonables: 5

Duración de interrupciones abonables: 2,64 horas

Rúa Alfonso Senra, CUPS: ES0022000004143644YC1P, alimentado en baja tensión desde el CT CASABELLA Nº6 con matrícula 15CTM8, alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 6

Duración de interrupciones abonables: 3,22 horas

Rúa Rosalía de Castro, CUPS: ES0022000004142654DL1P, alimentado en baja tensión desde el CT CALVO SOTELO con matrícula 15CDP7, alimentado en 20 kV desde la LMT MEIRAMA 809, con matrícula MEI809:

Año 2016:

Nº interrupciones abonables: 6

Duración Interrupciones abonables: 3,51 horas

De acuerdo con el R.D. 1955/2000, los suministros ubicados en Ordes corresponden al tipo de segmentación semiurbano, de modo que según R.D. 1634/2006, los límites máximos para los parámetros de calidad individual con este tipo de segmentación y tensión de alimentación en baja tensión son los siguientes:

Nº interrupciones abonables: 13

Duración de interrupciones abonables: 9 horas

Como se puede comprobar con los datos anteriormente aportados, por parte de esta Sociedad se ha dado cumplimiento a los parámetros de calidad individual de las distintas zonas de Ordes el pasado año. Independientemente de este cumplimiento esta Sociedad es consciente de que cualquier incidencia por pequeña que sea, altera ritmo de vida tanto de los vecinos como de los distintos Sectores Económicos. Por ello, en las últimas semanas se han desarrollado varias actuaciones en la red de media tensión con el objetivo de mejorar la calidad de suministro:

- Adecuación Línea de Media Tensión SIGÜEIRO 808, SIG808.
- Adecuación Línea de Media Tensión SIGÜEIRO 802, SIG802.
- Renovación de equipos Telecontrolados en la red MT MEIRAMA 809, MEI809.

Respecto a las distintas incidencias sufridas a principios del mes de enero de este año, estas no pueden repercutirse a un fallo en las instalaciones de UNIÓN FENOSA Distribución ya que se produjeron como consecuencia de un fallo originado en las instalaciones del CT EDAR (15PKU5) de propiedad particular.

Me despido indicándoles que UNIÓN FENOSA Distribución dentro de su proceso de mejora continua, realiza seguimiento a este tipo de incidencias, adoptando las medidas oportunas para mejorar calidad de servicio prestado a todos los suministros conectados a nuestra red”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

PUNTO CUARTO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO QUINTO: MOCIÓN.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Canal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Fenosa afirmaba mediante nota de prensa o pasado 21 de abril que segue sen despexar o futuro da central de Meirama.

O conselleiro delegado da compañía, Rafael Villaseca, deixou no aire o futuro da central térmica de Meirama máis ala do 2020, ó asegurar que aínda non se tomaron decisións sobre a execución ou non das millonarias obras de adaptación para reducir as emisións, que a empresa está obrigada a realizar si desexa manter abertas as instalacións. Afirmar que a central de Meirama da traballo a aproximadamente 140 traballadores. Penso que sería acertado dicir que ademais, moitas empresas viven de traballar para esta central.

O Delegado de Gas Natural en Galicia, Manuel Pellicer, confiou en que si se acometeran os traballos de modernización, anque recoñeceu que se trata dunha decisión empresarial condicionada a evolución do mercado regulatorio nacional e os prezos das materias primas, e engadía o seguinte: para nós, é unha central moi importante, interésanos moitísimo, pero temos tempo para decidilo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Pero na realidade, non hai tanto tempo, xa que entre este ano e o que ven, a empresa terá que decidir sobre o futuro da central de carbón importado, unha das dúas que producen electricidade en Galicia, xa que a segunda (propiedade de Endesa) en As Pontes, si garantiu xa a reforma da térmica para prolongar a súa vida útil ata o 2045.

Unha directiva europea de emisións obriga a este tipo de instalacións a someterse a unha adaptación para reducir emisións contaminantes. E de non facelo, terán que pechar dentro de 3 anos.

Cabe recordar que o 31 de xaneiro de 2015 o Consello de Gas Natural Fenosa, había acordado adaptar a Central para reducir emisións e seguir funcionando máis ala do 2020, un acordo que había presidido no seu día Don Salvador Gabarró na Cidade da Cultura de Santiago, e que tras esa reunión, o propio Gabarró comunicou o acordo en persoa ao Presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo. Acordo que agora parece quedar no aire. Xa que entre outros factores, o prezo do carbón encareceuse o ano pasado en case un 6%, o cal reduce as marxes das eléctricas. Sobre isto queixouse con profusión Rafael Villaseca. O conselleiro delegado considerou que chegou o momento de reformar o mercado eléctrico para estabilizar o seu funcionamento, e evitar así que un 40% da enerxía que se comercializa nel este subvencionada, en referencia ao 7% da rendibilidade garantida que perciben as enerxías renovables tras o fin das primas. Ademais outro factor que tamén distorsiona o mercado, son os impostos que gravan a actividade de xeración eléctrica. Isto está provocando que saia máis rendible importar enerxía de Francia e Portugal que producilas en España, o que mantén paradas varias centrais.

Ante isto, Villaseca arremeteu tamén contra os impostos autonómicos que gravan a actividade eléctrica, como o canon eólico galego imposto pola Xunta. O conselleiro delegado de Gas Natural Fenosa respondeu así á posibilidade de que sexan os consumidores galegos os que asuman no recibo da luz o sobrecoste que supoñen eses tributos autonómicos mediante a implantación de un suplemento territorial. E ademais cita de exemplos as resolucións que o Supremo ordenou que así sexa en Cataluña, A Ríoxa, Valencia, e Castela a Mancha, o que podería estenderse a outras, entre elas Galicia.

En vista de toda a información, é preciso e necesario que as grandes compañías se comprometan ademais de coa rendibilidade económica, coa RENTABILIDADE SOCIAL, en canto ao emprego que estaría en perigo si a decisión fose a de "non adaptación da central térmica de Meirama en canto a emisións segundo require a Unión Europea, ou a de peche por suba dos prezos da materia prima".

En canto ao goberno autonómico, cabe destacar que os impostos territoriais a empresas, é de sabido que antes ou despois todos os usuarios acabaremos pagando como ben comentaba o Señor Villaseca.

Por iso, solicitamos ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Esixir a Gas Natural Fenosa, con un escrito ao seu Presidente (Isidro Fainé Casas) con copia para o seu Conselleiro Delegado (Rafael Villaseca Marco) a que se comprometan a buscar a viabilidade para que sí se poida acometer a adaptación da Central Térmica de Meirama e así garantir o funcionamento da mesma ata o 2045, alertando das negras perspectivas futuras para a comarca de Ordes se o peche da Central chegase a producirse. (Dirección sede corporativa de Gas Natural Fenosa: Plaza del Gas, 1 08003 Barcelona).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

2.- Trasladar ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Don Francisco Conde López a situación de inestabilidade actual acordo coa información vertida nos medios por Gas Natural Fenosa, é solicitarlle que medie coa empresa para estudar todas as posibilidades en canto a esta Central Térmica.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que negocie no ámbito da Unión Europea posibles axudas para salvagardar a continuidade das Centrais Térmicas.

4.- Instar á Xunta de Galicia a promover no ámbito da Unión Europea medidas que teñan en conta a especificidade das Centrais Térmicas.

5.- Difundir polos medios do concello: bandos, web, etc. Unha recollida de sinaturas a favor da adaptación da Central Térmica en canto a redución de emisións requirida pola Unión Europea.

6.- Instar á Xunta de Galicia a que reconsidere os citados impostos autonómicos que gravan a actividade eléctrica que mencionou Villaseca para evitar, que o mesmo recaia finalmente sobre os usuarios, segundo advirte Villaseca como vai sentenciar o Supremo.

7.- Que se remita copia dos acordos tomados sobre esta moción aos Concellos da comarca e a todos o grupos políticos que forman parte do Parlamento Galego”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, concelleiro PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece moi correcta esta moción, todo o que sexa manter postos de traballo no concello de Ordes e na súa contorna é positivo, sobre todo por que a central a parte dos postos directos tamén da de comer a restaurantes, hospedaxes, ...etc. Debido ao primeiro punto do acordo, como traballador desta empresa considera que debe absterse nesta moción.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que fundamentalmente están de acordo co contido da moción, o certo é que na exposición de motivos nos que os Srs. de Unión Fenosa describen o que dende o seu punto de vista é o sector eléctrico e no que a culpa é sempre dos impostos, das enerxías renovables, pero non falan do que é o mercado eléctrico e de cómo funciona, de cómo se especula coa enerxía día a día. Teríamos que ir ao fondo da cuestión, cando primeiramente o PSOE e logo o PP decidiron que había que privatizar un sector estratéxico para un país como é o sector eléctrico, ao contrario do que fixo Alemania, Francia e outros países. Están de acordo con todos os puntos, excepto co punto tres. O BNG defende un modelo enerxético diferente, somos conscientes de que ese modelo enerxético non se pode cambiar dun día para outro e dende logo temos que contar coas centrais térmicas. Hai que ir dando pasos para o cambio cara ese modelo enerxético que vai a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

facilitar que se creen máis postos de traballo. As enerxías renovables xeran cinco veces máis postos de traballo que a enerxía de tipo convencional, ademais de ser máis limpa. Como xa pasou en Galicia co sector eólico, xeraría toda unha actividade auxiliar que nos permitiría crear tecnoloxías propias e máis riqueza neste país.

Intervén a Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que van a apoiar esta moción. A que nos esta a caer aquí nesta comarca. Os postos de traballo son fundamentais, tanto directos como indirectos, para poder seguir tirando ou subsistindo. A central térmica, igual que a das Pontes que depende de Endesa que acaban de prorrogar ata o ano 2045, espera que Gas Natural Fenosa faga o mesmo aquí coa central térmica de Meirama. Habería moito que falar das enerxías, cales son mellores, máis limpas. O importante agora é que se manteña esta central, con todos os inconvenientes que pode carrexar a súa produción, os postos de traballo son necesarios. Van a apoiar esta moción. A ver se entre todos somos capaces de que se prorrogue ata o 2045 este novo contrato.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as conversas entre a Consellería e a empresa subministradora en principio van por bo camiño e debería poder chegarse a un acordo produtivo que permita chegar á prórroga do contrato a día de hoxe vixente. Para sumarse co seu apoio unicamente non nos parece correcto utilizar no primeiro punto a palabra esixir, en lugar de instar cando en todos os demais se utiliza a palabra instar. O adecuado é cambiar a palabra esixir por instar e ser máis correctos ao dirixirse a unha empresa como é Gas Natural Fenosa e non actuar dun modo imperativo como di o punto da moción. Por iso pídelle que se faga esa corrección e sumáranse sen problema.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que acepta sen problema esa corrección.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que propón unha emenda de modificación do punto terceiro co texto seguinte: Instar á Xunta de Galicia a que negocie no ámbito da Unión Europea posibles axudas para contribuír ao cambio de modelo enerxético que aposte polas enerxías renovables, a xeración distribuída e a eficiencia enerxética. Así mesmo a modificación do punto sexto co texto seguinte: Solicitar unha tarifa eléctrica galega que contribúa a mellorar a competitividade da economía galega, que abarataría un vinte por cento os custes aos usuarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o punto terceiro da emenda do BNG é totalmente alleo ao obxectivo da moción, o fundamento da moción é a adaptación á normativa europea da central térmica de Meirama, estase plantexando unha cuestión distinta que se debería adoptar nunha moción diferente. A modificación do punto sexto esta ben.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que deixaría o texto dos acordos como están, modificando unicamente no punto primeiro a palabra esixir por instar.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, Sr. Caamaño



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Fraga e Sra. Martínez Candal), coas abstencións (2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Instar a Gas Natural Fenosa, con un escrito ao seu Presidente (Isidro Fainé Casas) con copia para o seu Conselleiro Delegado (Rafael Villaseca Marco) a que se comprometan a buscar a viabilidade para que sí se poida acometer a adaptación da Central Térmica de Meirama e así garantir o funcionamento da mesma ata o 2045, alertando das negras perspectivas futuras para a comarca de Ordes se o peche da Central chegase a producirse. (Dirección sede corporativa de Gas Natural Fenosa: Plaza del Gas, 1 08003 Barcelona).

2.- Trasladar ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Don Francisco Conde López a situación de inestabilidade actual acordo coa información vertida nos medios por Gas Natural Fenosa, é solicitarlle que medie coa empresa para estudar todas a posibilidades en canto a esta Central Térmica.

3.- Instar á Xunta de Galicia a que negocie no ámbito da Unión Europea posibles axudas para salvagardar a continuidade das Centrais Térmicas.

4.- Instar á Xunta de Galicia a promover no ámbito da Unión Europea medidas que teñan en conta a especificidade das Centrais Térmicas.

5.- Difundir polos medios do concello: bandos, web, etc. Unha recollida de sinaturas a favor da adaptación da Central Térmica en canto a redución de emisións requirida pola Unión Europea.

6.- Instar á Xunta de Galicia a que reconsidere os citados impostos autonómicos que gravan a actividade eléctrica que mencionou Villaseca para evitar, que o mesmo recaia finalmente sobre os usuarios, segundo advirte Villaseca como vai sentenciar o Supremo.

7.- Que se remita copia dos acordos tomados sobre esta moción aos Concellos da comarca e a todos o grupos políticos que forman parte do Parlamento Galego.

Intervén o Sr. Alcalde, en relación coa seguinte moción que vai a formular a Sra. Martínez Candal sobre a baixada de impostos. Vai a facerlle unha petición. Esta moción rexistrouse hoxe ás dúas da tarde, unha hora antes de que os técnicos se foran. Isto o temos falado en anteriores ocasións todas as mocións que teñen un contido xurídico ou económico é necesario que existan informes. O que me din é que non asumen ningún tipo de responsabilidade con respecto a este acordo. a súa petición é que a deixe sobre a mesa para que se poidan facer os informes e que a presente non seguinte pleno. Como non hai informes votarán en contra da urxencia como do contido da moción. Xa no seu día houbo informes nas mocións do BNG, tanto en marzo como en outubro de 2016. Non lle parece correcto que nos poñamos aquí a debater esta moción. A Sra. Martínez Candal ten a decisión. Sería importante que todas as mocións cun contido económico ou xurídico se presentasen mínimo dous días antes do pleno.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que a deixa sobre a mesa para o seguinte pleno ordinario.

O Sr. Alcalde agradece a súa decisión.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No mes de marzo de 2008 o concello de Ordes e ADIF asinaron un contrato de aluguer do inmoble da estación da Pontraga e o recinto ferroviario cunha duración de 23 anos.

Durante varios anos, o concello de Ordes estivo pagando un aluguer anual de preto de 12.000 € e malia que na actualidade se está a pagar un aluguer anual de case 1.500 €, estamos a falar dunha redución limitada e que en vindeiras datas volverá ao pactado inicialmente.

Ademais, este espazo foi obxecto de grandes inversións pagadas cos cartos da veciñanza en varios obradoiros de emprego e tal como está a situación, dentro de 14 ao rematar o contrato de aluguer, seguirían sendo propiedade de ADIF coa correspondente perda de fondos públicos municipais que suporía, en definitiva unha inversión cun nulo aproveitamento.

A ninguén se lle escapa a gran oportunidade que supón para o concello de Ordes e a veciñanza obter a propiedade e sobre todo, o aproveitamento real deste espazo. Pero para iso é preciso conseguir a cesión en propiedade ou cando menos, renegociar con ADIF o contrato de aluguer asinado para incluír unha opción de compra tendo en conta o aluguer xa pagado, con carácter retroactivo.

De conseguires o exposto nesta moción, e cando poderíamos comezar a falar de crear na antiga estación da Pontraga un albergue xuvenil, un centro de día ou outros servizos de interese; pero sempre coa total garantía de que as inversións realizadas pasaran a ser patrimonio do concello de Ordes e da súa veciñanza.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O pleno do concello de Ordes insta ao Alcalde a renegociar con ADIF o contrato de aluguer da antiga estación da Pontraga para conseguir a cesión gratuíta ao concello de Ordes.

2.- En caso de non ser posible a cesión gratuíta desta zona, renegociar con ADIF o contrato de aluguer para incluír unha opción de compra, razoable e realizable, e da antiga estación da Pontraga, que teña en conta o aluguer xa pagado, con carácter retroactivo”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que están de acordo coa moción en ambos dous puntos, é beneficiosa para o concello. Non atopan motivos para opoñerse. O seu voto vai a ser favorable.

Intervén o Sr. Manteiga García, concelleiro PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo co primeiro punto, non están de acordo co segundo punto a opción de compra. Entende que xa é un ben público do Estado, quere a cesión gratuíta para o concello de Ordes. Non hai por que comprar un ben público que xa foi previamente expropiado.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que lles parece unha moción moi axeitada. No seu día trataron de falar co ADIF para que lles rebaixase o aluguer, iso non foi posible por que se lles dixo que iso podería crear un agravio comparativo con outras estacións, tampouco a cesión gratuíta. A ver se agora deste golpe pode ser. É certo que se fixo moita inversión a través de obradoiros de emprego que adecentaron esta zona que é moi apropiada para facer calquera tipo de actividade e poder destinar ese edificio tanto para os máis novos, persoas con diversidade funcional ou para calquera outros usos que dende a corporación se puidesen debater e destinar. Todas as conversas, presións co ADIF para a cesión gratuíta ou renegociación do aluguer estarían de acordo

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que é o texto da moción e os acordos tal e como están expostos quedan moi bonitos, pero logo a práctica non é tan fácil. Xa se renegociou con ADIF. Cando se asinou o contrato no ano a renda pactada foron setecentos cincuenta euros máis iva. Nunha reunión na Coruña conseguíuse unha baixada nos anos 2016-2017 a cen euros mensuais máis iva. Como ben apuntaba o voceiro do PSOE este foi un ben privado que pasou a ser público. A lei de expropiación forzosa é do ano 1956 e ten uns preceptos moi claros. Falar de cesión gratuíta ou opción de compra, cando primeiramente que pode intentar a reversión ao perder o carácter público para o que foi expropiada é un debate no que ao mellor non nos convén entrar. Isto é o que nos advertiron tamén os técnicos do ADIF no seu momento dado que nos tamén somos unha administración pública. Esta moi ben exposto pero ao mellor á hora de sacar o acordo adiante atopámonos cos preceptos legais que nolo impiden, aínda que o ADIF puidese estar de acordo. O contrato é por vinte e cinco anos, remata non 2033. En setembro deste ano esta prevista unha nova reunión coa Delegada da zona Noroeste do ADIF. Tratará de trasladar todos e cada un destes puntos do acordo plenario. Pero votar a favor cando non temos garantía xurídica de que se poida levar a cumprimento parécelles un pouco arriscado. A súa postura vai a ser a abstencións, aínda que se comprometen a renegociar para manter un aluguer baixo e intentar tirar o balón da cesión gratuíta, aínda que entende que ao igual que o da opción de compra non pode levarse a cabo mentres a LEF non teña algo que poida amparar estas posibilidades. Comparten todo o que aquí se di, están a traballar niso dende o minuto un.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Rios, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aínda que haxa cesión gratuíta ou non o ben perdeu o interese público dende que pechou a estación para o que foi expropiado. Propón unha modificación dos acordos, cun único acordo que sería: instar ao Alcalde a renegociar con ADIF o contrato de aluguer da antiga estación da Pontraga fixándose un aluguer simbólico, ampliándose o período de arrendamento. O concello pode chegar a gastar



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

máis de douscentos mil euros para adecentar a estación para un uso mínimo e ao rematar o contrato no ano 2033 quedaríamos a dúas velas novamente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que unicamente o anterior titular podería solicitar a reversión, non outra persoa. Ve ben a modificación.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que igualmente esta de acordo coa modificación

Intervén o Sr. Manteiga García, concelleiro PSdeG-PSOE, que sinala que tamén esta de acordo coa modificación.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que coinciden plenamente cos cambios, ampliándose os anos o máximo permitido legalmente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con esta nova proposta si que están de acordo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar ao Alcalde a renegociar con ADIF o contrato de aluguer da antiga estación da Pontraga fixándose un aluguer simbólico, ampliándose o período de arrendamento.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Na recente celebración da Festa do Champiñón, e como xa é habitual en calquera dos festexos que se celebran en Ordes, as atraccións, postos ambulantes de comida, barracas... que se instalan nas diferentes rúas de Ordes conectan coa rede de distribución eléctrica sen ningún tipo de supervisión ou control.

Esta situación, conleva diversos riscos tanto para os traballadores dos diversos postos, atraccións, ...etc. así como para os cidadáns en xeral, que poden verse afectados por problemas na instalación de enlace que deriven en accidentes eléctricos ou mesmo incendios.

Do mesmo xeito, as instalacións de vivendas, comercios, locais hostaleiros, ...etc. debidamente conectadas á rede de subministración poden verse afectadas pola influencia de todos estes subministros conectados sen ningún tipo de control á rede de distribución que poden provocar danos ou malfuncionamentos dos diversos receptores.

Engadir que a conexión sen ningún control, e en reiteradas veces, está a provocar unha degradación continuada do illamento dos condutores da rede de distribución e que pode derivar nunha avaría futura desta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Finalmente indicar que as proteccións que fornecen de seguridade a rede de distribución, poden provocar interrupcións que deixen sen subministro ós cidadáns como consecuencia de sobrecargas provocadas por estes subministros temporais que se conectan sen ningún control.

Para evitar todos estes riscos e inconvenientes existe unha normativa que indica as condicións que deben de cumprir este tipo de instalacións para garantir a seguridade dos cidadáns, e que é de obrigado cumprimento.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Se proceda á instalación de unha rede provisional de puntos de conexión eléctrica para as atraccións, barracas, postos de comida, ...etc. durante o tempo que estean instalados nas rúas de Ordes, conforme ó indicado na normativa electrotécnica.

2.- Se esixa ós propietarios de atraccións, barracas e demais os certificados de cumprimento da normativa electrotécnica de aplicación en cada caso”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que se trata dunha medida preventiva que pode evitar riscos, así como da adecuación á normativa existente, polo que votarán a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, concelleiro PSdeG-PSOE, que sinala que lles parece unha medida necesaria. Particularmente el é moi consciente dos riscos eléctricos aos que se poden someter as persoas cando as instalacións non están adecuadas. Gustaríalles introducir unha emenda de engádegos a esta moción: controlar que as propias barracas cumpran a normativa de instalación. Que contén cos certificados que a lei esixe para o seu correcto funcionamento.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. Cando gobernaban xa se esixían os certificados das atraccións, as revisións de Industria, o seguro de responsabilidade civil, era unha documentación que se esixía, supón que se segue a pedir. Parécelles unha medida axeitada de prevención, algún día había que facelo. Pode ser unha boa medida.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo. cando se fai a solicitude para a instalación deben entregar a documentación á que se refire a Sra. Marín Pereiro. Como son itinerantes os enganches os poden utilizar en diversos puntos. Considera que a redacción correcta do acordo sería: se proceda a solicitar ao titular da rede de baixa tensión a instalación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

Non podemos actuar nas instalacións desa rede por que non son de titularidade municipal. Solicitar que se habiliten eses puntos polo titular da rede para que fagan esas caixas de conexión e que despois as barracas teñan claro a onde teñen que ir a conectarse.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que loxicamente hai que pedirlle permiso a subministradora, pero ten que ser o concello quen habilite os puntos finais de conexión de todas estas barracas. O concello sacaría a acometida da rede de distribución, habería unha caixa de Fenosa, un tramo de liña a un cadro que sería propiedade do concello, como calquera instalación de alumeadado público ou dos stands da festa do Champiñón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten dúbidas de que sexa así, vostede é o experto na materia, pero a rede, o subministro e deles. Se se poñen unhas acometidas habería que facer unhas altas desas caixas e asumir a responsabilidade. A día de hoxe eles con quen teñen feito os boletíns é coa subministradora, nunca co concello e engancha directamente na rede MT ou BT en función da ubicación da rede xeral, non local. A dúbida é quen debe por esas caixas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que entende que debe ser o concello quen poña os puntos de conexión e despois llos repercute de algunha forma. Que sexa o concello quen garanta a seguridade desa rede. Dentro de cada barraca e instalación privada ten que esixir a responsabilidade. Aceptan a emenda do PSOE.

Intervén o Sr. Manteiga García, concelleiro PSdeG-PSOE, que sinala que a maioría dos problemas que xurden cos propietarios das barracas é que instalan directamente na rede pública. Iso é perigoso e un prexuízo para os usuarios desa rede, para os veciños de Ordes, pode provocar avarías con cortes no subministro eléctrico. A mellor solución é proveer unha rede adaptada do concello para que se poidan enganchar con seguridade.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que se está a falar de dúas cousas distintas. Quen da o subministro é Unión Fenosa. O encargado de vir a vixiar se enganchan ben é un vixiante dunha empresa auxiliar. Non cree que se deba cargar ao concello cunha cousa que é de Fenosa, aínda así van a votar a favor da moción.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que o concello ten que garantir a seguridade das persoas, a forma é non deixando esa responsabilidade ás barracas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

1.- Se proceda á instalación de unha rede provisional de puntos de conexión eléctrica para as atraccións, barracas, postos de comida, ...etc. durante o tempo que estean instalados nas rúas de Ordes, conforme ó indicado na normativa electrotécnica.

2.- Se esixa ós propietarios de atraccións, barracas e demais os certificados de cumprimento da normativa electrotécnica de aplicación en cada caso.

3.- Polo Concello controlárase que as barracas cumpran a normativa de instalación.

PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os rogos seguintes:

- Os veciños de a Barcula e o Seixo, están a dar as queixas debido aos baches da estrada que une, Mesón co Seixo, e o Seixo coa Barcula.

Outra queixa deste tipo a tiven en Mercurín, na pista que vai a Mañufe, parece ser que conta con uns baches moi fondos.

Ademáis na Barcula un veciño solicitou por rexistro de entrada un espello para a Barcula, á altura da casa número 11 e 12, que a día de hoxe segue sen colocarse, o existente esta en mal estado.

Na Adina Vella, quéixanse de que este ano as árbores da zona de recreo existente non foron podados, e o mesmo din os veciños de Mesón do Vento, xa que no campo da feira, arredor da nave, hai unhas árbores que levan anos sen podarse, e que están pedindo a gritos unha poda.

E por todo isto polo que formulo os seguintes rogos ao señor Alcalde:

Se proceda ao rebacheo nas pistas que comento e ademáis se faga un rebacheo integral en todas as pistas do concello.

En diante, se proceda a podar anualmente as árbores do campo da feira de abaixo de Mesón, como tamén os da Adina Vella.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Se proceda a colocar o espello solicitado na Barcula, xa que a zona ten unha gran perigosidade.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o rebacheo comezou o 17 de abril, estase a traballar por todo o termo municipal. Os outros dous puntos tómanse en consideración e faranse en canto sexa posible.

- No pasado pleno ordinario de marzo, aprobouse por unanimidade unha moción na que se acordaba no seu primeiro punto que as actas de XGL serían remitidas a todos os concelleiros no seu debido prazo, é dicir 10 días; No seu segundo punto que as Actas de XGL serían publicadas na páxina web do Concello de Ordes; e no seu punto terceiro que tamén se publicarían en forma e tempo toda a información a que fai referencia o apartado a) do punto primeiro do artigo 8 da lei 19/2013 de 9 de decembro (Lei de transparencia).

A transparencia constitúe un paso fundamental e necesario.

Tanto a Lei reguladora das bases de réxime local no seu artigo 51, como o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, recollen que os actos das entidades locais son inmediatamente executivos. Existe unha clara omisión do seu deber no referente a levar a cabo a execución do acordo plenario mencionado. Ese incumprimento suporía segundo o artigo 404 do Código Penal a inhabilitación como cargo público de entre sete e dez anos.

É máis que evidente o baixo nivel de transparencia por parte do goberno.

E por todo isto polo que formulo o seguinte rogo ao señor Alcalde:

Que cumpra vostede acordo do pasado mes de marzo, xa que está a incumprir a Lei reiteradamente, primeiro saltándose a Lei de transparencia e segundo non cumprindo coa Lei reguladora das bases de réxime local.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o secretario lle puxo ao día as actas, o persoal municipal da para o que da. Se considera co que acaba de dicir que ten algún dereito dende o punto de vista penal contra el inicie as correspondentes accións, non hai ningún tipo de inconvinte. En canto á publicación na web en canto sexa posible subiranse.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Os usuarios da biblioteca municipal queixáronse de que o venres 28 de abril non era posible traballar ou estudar na biblioteca municipal debido o alto nivel de ruído que se percibía dentro desta.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

O motivo non era outro que a suma da mala insonorización da biblioteca e o ruído emitido polas atraccións situadas entre os dous parques.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

Se controlen os niveles sonoros das atraccións que no futuro se instalen nesa zona, de tal xeito que non provoquen interferencias co uso que debe de ter a biblioteca, e deste xeito evitar as molestias ós usuarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se terá en conta.

- A semana do 24 de abril a biblioteca municipal estivo sen conexión a Internet durante practicamente toda a semana.

Segundo nos trasladan usuarios habituais da biblioteca, este problema reproducese con demasiada frecuencia, o que causa molestias a estudantes e público en xeral que acode á biblioteca.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

Se poña solución a estes continuos problemas coa conexión a Internet da biblioteca municipal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que fallo a ADSL na centralita do servizo de telefonía, a arraxaron cambiando unha posición, pero dende aí non conseguen que funcione sen que falle unha ou dúas veces ao día. Para iso é necesario que se reinicie o router, iso o fan as traballadoras da biblioteca. Seguen a buscar o fallo. Espera que se poida resolver canto antes. Xa viñeron cinco veces. O informático esta pendente da situación.

- Recentemente, unha vez máis, o alumeadado público de Ordes sufriu apagóns máis ou menos prolongados en diferentes rúas. No aproximadamente último mes levamos:

31 marzo e 1 de abril: alumeadado Rúa Casabella.

2 de abril: alumeadado Rúa Nova.

2 de maio: alumeadado Rúa Carnota.

Estas constantes incidencias poñen de manifesto unha falta de mantemento evidente das instalacións do alumeadado público, que provoca que moitas rúas queden ás escuras con demasiada frecuencia.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

Se estableza un plan de mantemento que recolla como mínimo, o establecido no Prego de Prescricións Técnicas para a prestación dos Servizos de Conservación, Mantemento, Revisións Periódicas e Reparación de Alumeadado Público Exterior.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Se execute por parte da empresa concesionaria dito plan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os fallos en rúa Casabella e rúa Nova viñeron derivados da auditoría que estamos realizando en toda a rede municipal a raíz de que a xente da auditoría tocou os cadros para facer as súas comprobacións e non quedou o servizo posto e despois tiveron que ir os da empresa a por en funcionamento estes dous lugares. O problema en rúa Carnota foi debido ás obras da rúa Alfonso Senra coa colocación das dúas últimas farolas que houbo un problema cun corto, sendo necesario desconectar unha fase que afectaba a rúa Carnota, quedando desconectada esa noite e resolvéndose ao día seguinte. A petición do rogo valorárase e daráselle traslado á empresa. A día de hoxe estamos moi satisfeitos co servizo, o tempo de resposta é moi aceptable.

- No pleno ordinario do mes de marzo, este grupo municipal presentou unha moción na que denunciaba que o PAC de Ordes quedara sen médicos o 16 de febreiro durante un tempo aproximado de 3 horas (tal e como confirman varios dos cidadáns que estaban nese momento no PAC), e que se produciron evidentes descoordinacións entre o PAC e o 061 que provocaron que chegase unha ambulancia sen saber que neses momentos non había médicos.

Este pasado 19 de abril, volveuse a repetir unha situación de falta de médicos. E de novo, unha ambulancia mobilizada polo 061 para o traslado de unha persoa que estaba a sufrir un accidente cerebrovascular, chega ás 22.10 horas ó PAC e tras esperar 25 minutos por un médico, e só ante a insistencia dos familiares, trasládano ás urxencias do CHUS, onde ingresa directamente na UCI.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

Se esixa á Consellería de Sanidade, unha solución inmediata ós problemas de descoordinación entre o PAC de Ordes e o servizos de emerxencias sanitarias 061. Se de cumprimento ós acordos da moción presentada polo grupo municipal do BNG no pasado mes de marzo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción foi trasladada en tempo. Darán traslado do presente rogo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na Avda. Alfonso Senra, á altura do edificio nº 15, existe un bordo transversal á beirarrúa que representa un obstáculo e impide unha total circulación accesible, ademais de constituír un elemento de grande risco, xa que é orixe de numerosos tropezóns (ver fotografías que se acompañan).

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

A que se retire o bordo existente nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a parte da beirarrúa próxima ao arcén cumpre accesibilidade en máis 1,10 m. A impresión é que ese bordo fai a función de conducir ás augas da choiva. Verase cos veciños e farase a actuación se procede.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na foto se ve perfectamente como a beirarrúa ten pendente cara a estrada. Hai que eliminalo para evitar unha caída e unha futura reclamación de responsabilidade patrimonial ao Concello. É preciso previr antes que curar.

- Veciñanza da zona de Merelle, manifestou a este grupo municipal o seu malestar ante a completa ausencia de tarefas de mantemento na zona para limpar as follas que caen do arbolado existente.

Esta situación provoca continuas acumulacións nas entradas das súas vivendas, coas molestias que carrega.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

A que se intensifiquen as tarefas de limpeza na zona e/ou levar a cabo unha poda de ditas árbores que suprima ou cando menos reduza, a problemática exposta.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado á empresa de limpeza que nesta zona segundo o contrato o servizo non é diario, é semanal.

- Hai escasas datas, había nos medios unha nova de que o Concello de Abegondo ía impulsar unha plataforma para cobrar o IBI correspondente á concesionaria da explotación da autoestrada AP9, cuxo traxecto tamén transcorre polo noso concello.

Na mesma nova, anunciábase que foi remitida unha carta ao resto de concellos afectados da provincia de A Coruña, citándoos para manter unha reunión o día 20 de abril para unir posicións.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

A que se nos informe de si Ordes estivo representado na reunión que tivo lugar no Concello de Abegondo o pasado día 20 de abril, para achegar posicións de cara á consecución dese obxectivo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que estivo presente nesa reunión xunto co Sr. Méndez Rodríguez. Estaba presente o gabinete de avogados que gañaron a reclamación de dominio público do concello de Arteixo. Foi o alcalde de Abegondo o que convocou aos alcaldes da provincia pola que descorre a AP9. Remitiron a documentación ao concello, son aproximadamente quince quilómetros, a cantidade que nos correspondería en caso de que isto



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

prosperase serían catrocentos mil euros ano, con carácter retroactivo dez anos catro millóns de euros. Trataríase de recuperar o noventa e cinco por cento, hoxe en día cóbrase o cinco por cento. En intervención estase a valorar a proposta que se nos fai, que é idéntica para todos os concellos. Un fixo de 1.200,00 euros par cada concello e un variable de 1.200,00 euros por quilómetro máis ive. A decisión será conxunta entre todos os concellos que estean de acordo nas próximas semanas.

- As rotondas e illotes existentes no Mesón do Vento, conteñen auténticas selvas de maleza que impiden unha axeitada visibilidade para a circulación dos vehículos, o que incrementa o risco de accidentes na zona.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

A que se inste ao Ministerio de Fomento a que leve a cabo de xeito inmediato as rozas precisas para a súa axeitada conservación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se dará traslado.

- Este grupo municipal leva rexistradas varias solicitudes para obter unha copia da valoración económica da RPT do concello de Ordes, así como do manual empregado en dita valoración.

Ata o día de hoxe o único que recibimos foi un total silencio administrativo.

Por todo iso solicitamos ao Alcalde:

A que nos aporte unha copia da valoración económica da RPT do concello de Ordes e do manual empregado en dita valoración.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pediralles aos técnicos que se lle entreguen.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula as preguntas seguintes:

- Recentemente tivo lugar na canceira de Ordes un accidente laboral.

Segundo o indicado pola prensa, o can era de raza Potencialmente Perigosa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Concello non emitiu ningún informe do sucedido á Corporación municipal e creo de vital interese para todos saber que medidas se adoptaron en canto a este feito.

E por todo isto polo que formulo as seguintes preguntas á concelleira delegada de Medio Rural:

- ¿Fíxose unha investigación para aclarar o accidente ocorrido nas instalacións municipais da Canceira?.
- ¿Quen deu orde á veterinaria para que accedese a Canceira sabendo que era un can potencialmente perigoso?.
- ¿Quen deu orde de recoller un can de raza potencialmente perigosa sen a documentación que require a lei para estes cans?.
- ¿Que medidas se van a adoptar para que isto non volva a suceder?.
- ¿Quen vai ser o responsable deste accidente?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que se trata dunha traballadora autónoma cun contrato administrativo de prestación de servizos veterinarios polo que non temos a obriga de facer este tipo de informe, sería distinto se fose un empregado municipal. A canceira é un centro de recollida de animais, tanto dos abandonados como dos que entregan os particulares. Por este animal chamaron os donos ao concello dicindo que o querían entregar, pagaron as taxas, e foise a recoller. Seguindo a política do centro de sacrificio cero o animal foi aloxado no lazareto, foise facéndolle un seguimento sobre o comportamento que tiña coas persoas e o resto dos cans. Aos poucos días de estar na canceira apareceu un posible adoptante, a veterinaria considerou que a mellor opción era valorar se ese can era apto para darse en adopción e desgraciadamente paso este accidente. Dende o primeiro momento o concello estivo con ela, foi ela a que despois do accidente esperando pola ambulancia a chamou para dicirlle o que lle pasara. Ese contacto mantívose ata o día de hoxe, fíxose un seguimento de todos os días de convalecencia da veterinaria. A ordenanza non estipula que non se recollan os cans de raza potencialmente perigosa. Estase a instrumentar un protocolo co veterinario sobre como debe ser a actuación con este tipo de animais unha vez que estean valorados. Estudarase o cambio da ordenanza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Nos primeiros meses do ano, existiron numerosos contaxios de cativos que acudían á piscina climatizada. Os síntomas foron ronchas na pel que precisaban ser retiradas con bisturí.

Por todo iso preguntamos ao Alcalde ao seguinte:

- ¿Cal foi o motivo de ditos contaxios?.
- ¿Por que non sei informou de dita situación para evitar novos contaxios?.
- ¿Solucionouse a problemática?.
- ¿Que medidas foron adoptadas?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segundo o informe do técnico municipal de deportes en coordinación con persoal da piscina climatizada municipal. Os moluscos contaxiosos poden ser propagados a través do contacto directo con persoas, uso común do material e dos vestiarios, sendo preferentemente afectadas persoas con pel atópica. Isto non so se pode producir en actividades acuáticas senón tamén en actividades deportivas de contacto físico, non é exclusiva de piscinas. Os pais nos que se detectou a presenza de moluscos informóuselles que non esta permitida a asistencia a actividades da instalación tal e como establece a normativa xeral da mesma: as persoas que padecen algunha enfermidade infecto contaxiosa non poderán acceder ao vaso en tanto persista esta. Normativa que se entrega a todos os usuarios no momento da súa inscrición. Asemade informouse a todos os usuarios que fixeron consultas ao respecto en que consistían as precaucións a tomar. Tomáronse as seguintes medidas, desinfección do material didáctico de natación semanalmente, control por parte dos monitores para a detección de posibles casos informándose de que non esta permitido o acceso, limpeza de vestiarios e zonas comúns de luns a venres, sábados e domingos, información aos pais da enfermidade e precaucións a tomar na procura dunha colaboración necesaria para a detección e control da mesma. Estando a reducir o número de casos, este ano foron moitos menos que no 2016, non chegando a eliminarse completamente debido á dependencia de axentes externos para conseguilo, como a concienciación dos pais e colaboración co sector sanitario. Algúns pediatras están a informar de que poden levar igualmente os nenos á piscina. Este ano con trescentos usuarios no primeiro trimestre os infectados foron dez, no 2016 foron bastantes máis.

Intervén a Sra. Iglesias Mirás, en representación do grupo político UxO, que formula as seguintes preguntas:

- Fai uns días colocouse una vaia no pavillón Campomaior. O Alcalde como responsable de obras estivo por alí. Vostede é alto, no sabe se de deu conta que unha persoa que se sente na primeira fila non pode ver a pista, e moito menos unha persoa con cadeira de rodas polo espazo que quedou entre a vaia e a primeira fila.

Por todo iso preguntamos ao Alcalde ao seguinte:

¿Que medidas se van a adoptar a este respecto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a grada xa tiña un escalón de sempre que non estivo habilitado nunca. No momento que se proceda a facer unha reforma do graderío haberá que telo en conta de acordo á normativa. A altura da grada está de acordo á normativa. O que non está homologado ao cen por cen son os graderíos, haberá que tomar unha decisión de cara ao futuro. Coñece a problemática por que lla fixeron saber. Pasarán a comprobalo a semana que ven.

- Tamén lle fixeron chegar a problemática da pista que comezou a levantarse por un lado e agora xa tamén polo medio.

Por todo iso preguntamos ao Alcalde ao seguinte:

¿Que medidas se van a adoptar a este respecto?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 24

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se respostou sobre inсто con anterioridade. No verán fan a facer unha revisión de toda a instalación da pista. Non hai ningún tipo de problema por que a obra está en garantía e a empresa terá que facer as actuacións pertinentes. Coñece a problemática, o técnico de deportes estivo alí, hai fotografías das zonas danadas e das datas en que apareceron os desperfectos,

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO